

Estimada veciñanza:

Estades a ler o comunicado máis difícil de escribir desde que tres mozos decidimos constituír a Asociación Cultural e Deportiva Mallas de Area tomando relevo da anterior comisión de festas de Malpica. Crédenos que nos vemos obrigados a expresarnos nestes termos polo insostible da situación, a cal nos levou a un intenso debate desde xa hai semanas e que trataremos de explicarvos.

Non é o traballo que facemos. Non é por falta de ilusión. Tampouco son os puntuais percances que poidan xurdir na nosa tarefa. Nun cometido coma o noso é lóxico que haxa atrancos, discrepancias e disparidade de opinión sobre datas ou actividades. O diálogo sincero e educado e o ben común de Malpica desatasca calquera contratempo.

Na nosa intención de organizar as mellores festas para a nosa vila, falamos cos veciños, reunímonos cos hostaleiros, tamén coas intitucións locais: a Confraría de Pescadores e o Concello. Pero é a relación co consistorio municipal a indispensable, sendo moi difícil organizar un evento desta índole sen unha boa sintonía, pois é o concello o encargado de solicitar espazos, conceder permisos, prover material e ofrecer apoio loxístico e institucional.

É por moitos de vós coñecido que esta boa sintonía non existe. Non é pola pola nosa vontade. A contraprogramación das Festas do Corpus por parte do Concello, cando xa tiñamos o cartel das de Santo Adrián e o I Foro do Mar, sumado ao persistente deterioro das relacóns co concelleiro correspondente (por actitude, por falta de diálogo e palabra, por argumentación incongruente e mesmo por percibir que esta nalgunha sorte de competición con nós), fannos dicir: BASTA!!

Ollade toda a Costa da Morte e dicídenos que Concello se fai cargo das festas tradicionais habendo Comisión de Festas? Ningún. Por que logo este inusitado interese en facerse co control e protagonismo do que é da xente? O da Mostra da Olaría non foi un feito casual. E hai máis exemplos. O de bater en nós, tres mozos da vila, ata provocar esta decisión, tampouco.

Por todo o exposto anteriormente e áinda que temos a organización xa encamiñada, se a situación non se reverte, esta asociación vese na obriga de comunicar que non organizará as vindeiras Festas do Mar 2024.

O presidente, Eloy Vilas



M.M.
mallas de area
ASOCIACIÓN CULTURAL
E DEPORTIVA